



**Concello de
Portas**
(Pontevedra)

C.I.F. P-3604000 D
Rúa Rapeira 1 C - 36.658 Portas

Tel. : 986 - 536161

Fax : 986 - 536348

e-mail: portas@concellos.depontevedra.es

Núm. _____

Expediente núm.: 838/2021

Bases Reguladoras da Concesión: Convenio.

Procedemento: Concesión Directa de Subvencións Previstas Nominativamente no Orzamento

Asunto: Convenio Club Cabaleiros do Salnés - Concello de Portas.

Documento asinado por: O interesado e o representante do Concello

CONVENIO

En Portas, a data citada á marxe

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Sr. Ricardo Martínez Chantada, como Alcalde en nome e representación do Concello de Portas e en virtude do artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

E doutra parte, D. Juan Ramón Cancela Cons, representante do Club Cabaleiros do Salnés, con sede neste Concello de Portas, con CIF G36560431, autorizado para subscribir o presente Convenio de acordo cos seus estatutos aprobados, en data inscrita no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, de conformidade eco disposto na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia (DOG 13-04-20212) - Nº de Rexistro C-09384, dende o 17/09/2007.

Ambas partes recoñécense mutua e reciprocamente a capacidade legal suficiente e necesaria para este acto, e libremente:

EXPOÑEN

PRIMEIRO. Que este Concello, en virtude das competencias xenéricas que lle outorga a Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, está facultado conforme ao previsto no artigo 25.1 do devandito texto legal, para promover, no ámbito das súas competencias, toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Ase mesmo, o artigo 72 da citada lei, expón que as Corporacións Locais favorecen o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, lles facilitan a máis ampla



información sobre as súas actividades e, dentro das súas posibilidades, o uso dos medios públicos e o acceso ás axudas económicas para a realización das súas actividades e impulso da súa participación na xestión da Corporación.

SEGUNDO. Que entre os seus fins estatutarios, está o fomento e impulso da práctica continuada dunha ou varias modalidades deportivas, así como a participación en actividades e competicións, calquera que sexa o seu nivel e destinatario, todas elas, de interese xeral e, por tanto, concorrente cos da Administración pública, en concreto, cos do Concello de Portas, sendo competencia propia de acordo co establecido polo artigo 25 da Lei 7/1985 do 2 de abril reguladora das bases de réxime local.

Polo que, para dar resposta a esta necesidade é preciso contribuír o financiamento dos gastos do funcionamento do Club Cabaleiros do Salnés.

TERCEIRO. O presente Convenio articula unha subvención nominativa, de concesión directa, prevista no artigo 65 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en relación ao artigo 22.2 c) da Lei 38/2003 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Así pois, e de conformidade co disposto no artigo 13.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 37 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en concordancia co artigo 22.2 a) da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e co anteriormente exposto, as partes acordan subscribir o presente Convenio. O cal se rexerá polas seguintes cláusulas,

CLÁUSULAS

PRIMEIRO. OBXECTO E BENEFICIARIO

O presente Convenio ten por obxecto articular as condicións e compromisos aplicables á concesión directa dunha subvención nominativa do Concello de Portas ao Club Cabaleiros do Salnés, coa finalidade de contribuír o financiamento dos gastos do seu funcionamento.

SEGUNDO. APORTACION ECONÓMICA MUNICIPAL

A achega económica do Concello de Portas ascende a 2.000 euros, con cargo ao crédito consignado na aplicación orzamentaria 341.48003 do vixente orzamento do concello para 2021.

O importe da subvención, enmárcase dentro das subvencións nominativas de concesión directa, de conformidade co artigo 22.2a) e 28 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeneral de subvencións, aprobado por RD 887/2006 do 21 de xullo.



Establécese a compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración pública ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Con todo e conforme ao establecido no artigo 19.3 da Lei Xeral de Subvencións, o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o 100% do custo da actividade subvencionada.

TERCEIRO. GASTOS SUBVENCIONABLES E NON SUBVENCIONABLES.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade obxecto da subvención como son:

- Retribucións e gastos de persoal afecto a actividade.
- Seguros de accidentes o responsabilidade civil afectos a actividade.
- Adquisición de material de oficina non inventariable.
- Gastos de asesoría fiscal, laborable o contable.
- Gastos de fichas federativas.
- Outros gastos correntes afectos á actividade.

En todo caso, debe acreditarse fehacientemente no correspondente xustificante do gasto que este está directamente relacionado coa actividade. Considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

No serán subvencionables:

- Os gastos e pagos realizados fora dos prazos de execución do proxecto e de xustificación.
- Material deportivo inventariable.
- Realización de gastos de investimento.
- Inversións financiadas mediante arrendamento financeiro ou leasing.
- Intereses debedores das contas bancarias, recargas, gastos derivados de operacións de crédito nin gastos financeiros.
- Sancións administrativas e penais, así como os gastos de procedementos xudiciais.
- Gastos financeiros, notariais e rexistrables.



CUARTO. REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS

Para ter a condición de beneficiario da subvención deberá atoparse na situación que fundamenta a súa concesión ou concorrer as circunstancias previstas para iso, conforme ao artigo 11 da LGS, ademais de non incorrer en ningunha das prohibicións para ser beneficiario establecidas no artigo 13 da mesma, incluída a de acharse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias e de seguridade social. Os requisitos necesarios para ser beneficiario da subvención deberán manterse durante toda a vixencia da concesión, incluídas as posibles prórrogas que para o efecto se establezan conforme ao presente convenio.

QUINTO. OBRIGAS DO BENEFICIARIO

As obrigas da entidade beneficiaria serán as establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e en concreto ao cumprimento das seguintes obrigas específicas:

- Destinar os fondos achegados polo Concello de Portas a finalidade de contribuír o financiamento dos gastos do seu funcionamento durante o exercicio 2021.
- Presentar a documentación xustificativa desta nos termos establecidos nas cláusulas deste convenio.
- Comunicar o concello calquera alteración ou modificación das condicións para ser beneficiario da subvención que puidese producirse durante a vixencia do convenio.
- Comunicarlle o concello, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración Pública, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada os fondos percibidos.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- Reintegrar os fondos percibidos nos supostos que procedan.
- Facer constar explicitamente en todo tipo de publicidade e información relativa as actividades ou proxectos subvencionados que leven difusión ou publicación, o logotipo do Concello de Portas en idénticas condicións de visibilidade que o resto de logotipos e sinalar a colaboración do concello no seu financiamento.
- No caso de que o beneficiario se atope comprendido nos supostos do artigo 3. b) da lei 19/2013 do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberá adaptarse ás obrigacións de publicidade activa que lle resulten aplicables.



SEXTO. OBRIGAS DA ENTIDADE LOCAL CONCEDENTE

- Conceder a subvención de forma expresa para o financiamento do proxecto. Terá un importe de 2.000 euros.
- Proceder ao ingreso da cantidade obxecto de subvención de acordo co orzamento municipal do ano 2021.

SÉPTIMO. ABONO DA SUBVENCIÓN

Con carácter xeral, o recoñecemento da obrigaón a favor do beneficiario e o pago da achega realizarase tras a presentación e a aprobación da xustificación nos termos establecidos neste Convenio. Producirase a perda do dereito á cobranza total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas establecidas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Non poderá realizarse o pago da subvención ao beneficiario en tanto non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigaóns tributarias con o concello e coa Axencia Tributaria e fronte á Seguridade Social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

OCTAVO. XUSTIFICACIÓN

A. Prazo

O prazo da xustificación da subvención finaliza o 27 de decembro de 2021.

B. Forma

A conta xustificativa que acredite o cumprimento do obxecto da subvención presentarase en todo caso como máximo o 27 de decembro de 2021, e deberá estar asinada por quen ostente a representación legal do beneficiario.

A conta xustificativa conterá a seguinte información:

a) Una memoria de actuacións, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas, dos resultados obtidos e das desviacións acontecidas respecto dos resultados previstos.

b) Una memoria económica, que conteña unha relación numerada secuencialmente dos gastos realizados, ordenada por partidas orzamentarias, de ser posible, xunto cos xustificantes de pago correspondentes, así como o orzamento total das actividades subvencionadas mediante un cadro de ingresos e outro de gastos nos que as cantidades finais deben coincidir, e/ou ter un saldo negativo respecto dos ingresos.



Así mesmo, en su caso, conterà:

- o Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- o No caso de que se contraten servizos ou se adquiran subministracións por valor superior a 15.000 euros, o beneficiario deberá presentar os tres presupostos que, en aplicación do artigo 31.3 da Lei Xeral de Subvencións, deba de solicitar.
- o Carta de reintegro no suposto de sobranche do importe da subvención (gasto non realizado) así como os intereses derivados dos mesmos, no seu caso.

NOVENO. REQUISITOS DOS XUSTIFICANTES DE GASTO:

Para os gastos de persoal, presentaranse as nóminas asinadas polo traballador, os boletíns de cotización a Seguridade Social debidamente validados (documentos RLC ou relación de liquidación de cotizacións e RNT ou relación nominal de traballadores), e os documentos de ingreso en Facenda das retencións practicadas en concepto de IRPF (modelo 111 trimestral e modelo 190 do resumo anual).

As facturas terán que reunir os seguintes requisitos, e cumprir o exposto no RD 1619/2012 do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación:

- Atoparse directamente relacionadas coas actividades recollidas no presente convenio e ser imprescindibles para o desenvolvemento das mesmas.
- Estar datadas durante o período de vixencia do Convenio.
- Nos xustificantes orixinais deberá estenderse unha dilixencia na que se faga constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o seu importe impútase total ou parcialmente a subvención, indicando ademais, neste último caso, a contía exacta que resulte afectada pola subvención.


DÉCIMO. REQUISITOS DOS XUSTIFICANTES DE PAGO:

Só considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade a finalización do período de xustificación.

- Cando o pago se realice a través de transferencia ou domiciliación bancarias acreditarase coa copia do correspondente do extracto bancario.
- Cando o pago realícese mediante un cheque, deberá achegarse unha copia deste e o extracto bancario que acredite que o destinatario o fixo efectivo.

O concello resérvase o dereito para comprobar, polos medios que considere oportunos, que a xustificación é correcta. Por tanto, o beneficiario quedará obrigado a facilitar tanta información lle sexa requirida.

UNDÉCIMA. REINTEGRO



Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do interese de demora correspondente desde o momento do pago da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes casos:

- A obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que a impedisen.
- Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.
- Incumprimento da obrigaón de xustificación ou a xustificación insuficiente nos termos establecidos neste convenio.
- Incumprimento da obrigaón de adoptar as medidas de difusión.
- Resistencia, escusa, obstrución ou negativa as actuacións de comprobación e control financeiro establecidas nos artigos 14 e 15 da Lei xeral de subvencións, así como o incumprimento das obrigaóns contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado os fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e a regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. En caso de concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, cando o importe do financiamento público supere o custo da actividade, no importe do exceso producido.
- No caso de presentar a xustificación fose do prazo establecido na cláusula sétima e tras o requirimento efectuado de acordo co sinalado no artigo 70.3 do Regulamento da lei xeral de subvencións.
- Os demais supostos establecidos na Lei xeral de subvencións.

DUODÉCIMO. VIXENCIA DO CONVENIO

A vixencia deste Convenio será dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 27 de decembro de 2021. Poderá ser prorrogado anualmente, cun máximo de dúas prórrogas, a solicitude da entidade beneficiaria, estando supeditada a súa prórroga á aprobación do crédito correspondente nos orzamentos que anualmente aprobe o concello, así como de todos os requisitos que determinaron o seu outorgamento, se manteñan durante a vixencia do presente convenio. A prórroga deberá aprobarse de forma expresa, mediante a solicitude no rexistro do concello subscrita polo representante da entidade, acompañada dunha declaración de estar ao corrente das obrigaóns tributarias e de seguridade social.



DÉCIMO TERCEIRO. CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Será causa de resolución do presente convenio o mutuo acordo entre as partes, así como a denuncia de incumprimento de calquera das cláusulas mediante previo aviso comunicado de forma fidedigna no prazo dun mes desde que aquel foi detectado.

DÉCIMO CUARTO. NATUREZA

O réxime xurídico aplicable será o establecido neste Convenio, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na súa normativa de desenvolvemento, sen prexuízo do establecido como lexislación estatal básica nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

As posibles cuestións litixiosas ou controversias a que poida dar lugar a aplicación, interpretación, modificación, efectos e resolución do presente convenio, serán resoltas, de conformidade con o disposto en a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

E en proba de conformidade, asíñase o presente Convenio, por duplicado, no lugar e data arriba indicado.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

